


TEMA 1. - ARTE GREGA: COMENTARIO DAS ESCULTURAS DO PARTENÓN DE FIDIAS


a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: escultura monumental (relevos e escultura exenta) do Partenón ou Templo de Atenea Partenos da arte grega realizada na Época clásica, no século V a. C., coñecido como "Século de Ouro" ou "Século de Pericles". Autor: Fidias. Localización: orixinalmente no Templo do Partenón, na Acrópole de Atenas (Grecia); actualmente case todas as esculturas están no Museo Británico de Londres. Material: mármore policromado (perdeuse case toda a policromía).

c.- Analiza e comenta a obra: Fidias foi escultor, arquitecto (supervisou toda a obra arquitectónica do Partenón), pintor e ourive, mostrando en cada unha destas facetas artísticas unha mestría insuperable, pero é sen dúbida no campo escultórico onde se pode cualificar a súa obra de xenial. Vive na Atenas de Pericles, e será Pericles -amigo íntimo de Fidias- o que lle encargue a decoración escultórica do Partenón e dúas colosais estatuas de Atenea (ambas desaparecidas): a primeira, de 13 metros., situouse na Acrópole; a segunda, chamada Atenea Partenos, colocouse na naos do Partenón: era unha estatua criselefantina de 12 metros.

As esculturas que decoraban o Partenón son monumentais: nalgúns casos son relevos e noutros esculturas exentas que se pegan ao soporte arquitectónico producindo a impresión de alto relevos. En ambos casos as esculturas están condicionadas pola "lei do marco arquitectónico": téñense que adaptar á forma e ao espazo que van ocupar. Esta adaptación experimentou unha clara evolución: pouco natural e pouco convincente na época arcaica, máis natural, convincente e satisfactoria na época clásica, chegando ao seu cumio con Fidias no Partenón.

As esculturas de Fidias son o máximo expoñente da arte ideal da época clásica: harmonía, equilibrio, naturalismo, beleza idealizada, sensación de movemento pausado. Os rostros son serenos pero expresan sentimentos. Fidias traballa o mármore de forma exquisita, conseguindo texturas moi variadas nos panos: é o creador da técnica dos panos mollados. Foi o autor da ampla decoración escultórica do Partenón, que incluía: os dous frontóns, as 92 métopas e o friso que percorría exteriormente as salas do templo. Neste aspecto o Partenón é tamén un edificio único pois a enorme cantidade de esculturas que o adornaban non tiña paralelo en ningún outro templo grego.







As escenas representadas son as seguintes:

- ▶ Frontóns: representaban escenas mitolóxicas da deusa Atenea. No principal (leste): o nacemento de Atenea; no posterior (oeste): a loita entre Atenea e Poseidón polo dominio de Atenas, co triunfo da primeira.

Eran figuras exentas que se adaptaban de forma maxistral ao marco arquitectónico: no frontón principal, nun ángulo, aparecían emerxendo os cabalos de Helios (o Sol) e no outro ángulo os cabalos de Selene (a Lúa) afundíanse: desta forma tan expresiva, e cunha adaptación soberbia das figuras ao marco, Fidias cóntanos que o nacemento de Atenea tivo lugar ao amencer.




- ▶ Métopas (92): esculpidas en alto relevo, representaban guerras mitolóxicas. Eran alegorías das Guerras Médicas e remataban co triunfo dos gregos (razón, intelixencia, civilización). Na fachada principal (leste): a xigantomaquia (loita entre os deuses e os xigantes); na posterior (oeste): a amazonomaquia (loita entre gregos e amazonas); na fachada lateral norte: a Guerra de Troia (loita entre gregos e troianos); na sur: a centauromaquia (loita entre gregos e centauros).



- ▶ Friso: percorría de forma continuada a parte exterior das salas do Partenón: é un trazo xónico nunha arquitectura dórica. É de grande lonxitude (160 metros), ten menos de 1 metro de altura e tan só 5 centímetros de profundidade pero Fidias consegue crear unha convincente impresión de profundidade. Trátase dun baixo relevo.


Cada catro anos celebrábase en Atenas unha gran procesión en honor da deusa Atenea na que participaban todos os cidadáns: a procesión partía do ágora (praza principal da cidade) e percorría a cidade ata chegar á acrópole onde se deixaban as ofrendas e se facían sacrificios en honor da deusa. O día da procesión as panateneas levaban un peplos (manto) que te-

ceran para Atena. Esta procesión -chamada a Gran Panatenea- é a que representa Fidias de




forma continuada no friso: na esquina suroeste, os xinetes prepáranse para saír; na parte oeste avanzan outros xinetes (estas escenas producen grande sensación de movemento, cos cabalos axitados en moitos casos, pero é un movemento harmónico polo

que as escenas teñen un ritmo vibrante pero equilibrado); a procesión continúa polo norte e polo sur onde de forma paralela camiñan xinetes, carros, viandantes, músicos, portadores de bandexas, animais levados en sacrificio...; a procesión conflúe no leste (fachada principal) onde camiñan as Panateneas; nesta fachada un sacerdote dobra o peplos e aparecen as divindades do Olimpo que presencian a procesión sentadas (figuras de maior tamaño que o resto pero están relaxadas, falando entre elas con toda a naturalidade, como se fosen seres humanos).



As Panateneas



Deidades

O camiñar das figuras é tranquilo (moi clásico) pero non monótono. Neste friso saca o máximo partido á “técnica dos panos mollados”. Nalgunhas zonas as figuras comunícanse entre si e os seus rostros serenos mostran sentimentos; os corpos espidos están tratados de forma exquisita.